

Definicións tema 8 Poboación

-**Taxa de fecundidade** xeral pon en relación o número de nados vivos nun ano determinado co número de mulleres en idade de procrear, isto é, entre os 15 e os 49 anos. A taxa de fecundidade en España en 2015 situábase en torno a 39×1000 , e o índice de fecundidade é de 1,33 fillos por muller, isto é, por debaixo da taxa de reempazo, estimada en 2,1 fillos por muller, signo do avellentamento da poboación española.

-**Censo de poboación:** É un documento no que se reconta a poboación dun país nun momento determinado, achéganos información sobre o volume de poboación dun lugar, a súa composición por sexo e por idades, estado civil, tamaño da familia, nivel de estudos, renda, etc. En España os censos realízanse nos anos que rematan en “1” desde 1981, e o primeiro fíxose no ano 1857.

- **Esperanza de vida:** Cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir, ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2015 no noso país en 82,7 anos (85,4 en mulleres e 79,9 en homes).

- **Padrón municipal de habitantes:** rexistro que leva a cabo cada concello sobre a poboación que vive no seu municipio. Contén tamén información sobre as características da poboación, aínda que algo menos detallada cá do censo. A súa principal vantaxe é a de tratarse dun rexistro vivo e dinámico, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado padrón continuo de poboación. Isto quere dicir que en calquera momento pódese coñecer a cantidade de poboación dun municipio, así como as súas principais características, polo que é un dato de vital importancia para os concellos, xa que reciben máis ou menos financiamento en función da poboación que teñan. Faise cada 5 anos, pero actualmente coa dixitalización, os concellos remiten ao INE directamente as altas e baixas no padrón.

- **Poboación activa:** é aquel sector da poboación que se atopa en idade apta para traballar (16 a 65 anos). Se está empregada denomínase poboación activa ocupada; se está en paro, poboación activa desocupada ou desempregada. Por exemplo un profesor formaría parte da poboación activa ocupada, mais un estudante non forma parte da poboación activa aínda que teña idade de traballar, pois non está incorporado ao mercado laboral, por non estar buscando traballo ou en situación de facelo.

- **Réxime demográfico:** Período correspondente ao modelo de transición demográfica cunhas determinadas características en canto á natalidade, á mortalidade e ao crecemento natural ou vexetativo. Distínguense: 1) o antigo réxime demográfico, con altas taxas de natalidade e mortalidade e crecemento vexetativo escaso; 2) o réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade e mortalidade moi baixas. Actualmente (2015) en España:

Taxa de natalidade- $9'02 \times 1000$ / Taxa de mortalidade- $9'06 \times 1000$.

- **Crecemento vexetativo:** É a diferenza entre os nacementos e as defuncións dunha determinada poboación. A taxa anual do crecemento vexetativo ou natural (referida a mil habitantes) resulta de restar: taxa de natalidade menos taxa de mortalidade. Se o número de mortes é maior ao de nacementos, a poboación diminúe (crecemento vexetativo negativo) e se é menor, aumenta (crecemento vexetativo positivo). No 2015 e ata comezos de 2017 o crecemento vexetativo en España é negativo.